



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/9	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «Urxencia na aprobación do proxecto de melloras no río requeixo para cumprimento dos prazos perentorios na resolución de concesión da subvención.»
<b>Data</b>	6 de setembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 14:00 ata as 14:27 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Regina Polín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Antía Pena Dorado

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33536341H	Antía Pena Dorado	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	NON
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
79324942N	Juan Antonio Rey Rivas	NON
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Juan Antonio Rey Rivas: «baixa médica»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da urxencia.

Por parte da Presidencia procédese a dar unha explicación da urxencia da sesión, indicando que a resolución de concesión da subvención foi notificado en agosto, sendo este mes a moitos efectos practicamente inhábil. Para solicitar esta subvención presentouse unha memoria pero a orde subvencional require a elaboración dun proxecto para poder executala. Tendo en conta todo isto, o proxecto redactouse pero non se rematou ata antes día 5.09.2018. Ese mesmo día informouse urbanísticamente, e conta con todas as autorizacións sectoriais. Por outra banda a orde require que se execute a primeira anualidade antes do 15 de setembro deste ano, de ahí a premura da celebración deste pleno, polo que esta nas vosas mans se se segue para adiante ou se renuncia á subvención.

Rematada a explicación sométese a votación a ratificación da urxencia acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (PSOE, BNG e Grupo Independente)

Votos en contra:0

Abstencións:3 (PP)

Por parte do PP faise constar que se abstenen na votación dado que esta convocatoria non foi notificada en tempo e forma.

Ratifícase a urxencia por maioría absoluta con 8 votos a favor.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

### Expediente 1119/2018. Actuacións Preparatorias dun Procedemento de Contratación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



#### APROBACION PROXECTO TECNICO PARA A MELLORA DA PAISAXE DE RIBEIRA E O DESENVOLVEMENTO DE USOS RECREATIVOS NO RÍO REQUEIXO.. EXP:1119/2018

Vista a orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciados con Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020”

Resolución de concesión da subvención do 1.08.02018, con RE 2708.

Visto o proxecto técnico PARA A MELLORA DA PAISAXE DE RIBEIRA E O DESENVOLVEMENTO DE USOS RECREATIVOS NO RÍO REQUEIXO, redactado por Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro de camiños, canais e portos (colexiado 29.512) en setembro de 2018, cun orzamento de 19.950 € e 9.189,50 euros de IVE.

Visto o informe técnico de urbanismo do 5.09.2018 acerca da viabilidade urbanística do proxecto e posibles afeccións sectoriais.

Visto o informe xurídico de secretaría do 6.09.2018.

Tendo en conta o establecido nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local

Propoño ao Pleno da Corporación, pleno ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto técnico Proxecto de PARA A MELLORA DA PAISAXE DE RIBEIRA E O DESENVOLVEMENTO DE USOS RECREATIVOS NO RÍO REQUEIXO, redactado por Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro de camiños,

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

canais e portos (colexiado 29.512) en setembro de 2018, cun orzamento de 19.950 € e 4.189,50 euros de IVE.

SEGUNDO.- Comunicar a adopción deste acordo aos departamentos afectados.

Apertúrase o debate tendo a palabra o voceiro do PP que indica que no expediente consta prórroga da autorización de Confederación de xullo de 2018, polo que eses prazos dos que fala non son reais. De todos modos buscar tantas cousas para o Concello non é bo. Vostede está a gobernar dunha forma estratéxica pero sen atender aos problemas reais do Concello.

Por parte do voceiro do BNG, indícase que van votar a favor porque non poden estar en contra de nada que sexa para o Concello de Guitiriz, sen embargo indica que ven o estado das rutas que están abertas e consideran que a este equipo de goberno gústalle moito inaugurar, pero non tanto manter o que está aberto.

Polo tanto hai que manter o que temos e o novo que se faiga tamén haberá que mantelo en boas condicións.

Por parte do voceiro do Grupo Independente indícase que él votará a favor de todas as subvencións que se reciban para Guitiriz, posto que hai que querelas.

Por parte da Presidenta indícase en primeiro lugar que a prórroga da autorización de Confederación de xullo refírese a unha autorización sectorial pero non a resolución de concesión da subvención.

E se pedimos esa prórroga foi porque pedimos a subvención por se se chegaba a conceder.

Considera que sería moi importante que a concesión de subvencións outorgara prazos reais para poder executala en tempo e forma, como acontece co Plan Único, e que permite xustificar o mesmo adecuadamente.

Sen embargo, neste tipo de subvencións que están obrigados a resolver nun prazo de dous meses, demóranse ata 4 e 6 meses, e despois poñen prazos para executar e xustificar case imposibles.

Continua poñendo exemplos de cómo algúns dos expedientes están pendentes de autorizacións sectoriais de Patrimonio que aínda que están resoltos dende xullo aínda non foron notificados, ou coma no caso do expediente de arranxo da carretera de Becín como aínda hoxe se recibiu a autorización sectorial de ADIF.

Tendo en conta teríanme que agradecer que fóramos previsores e solicitáramos a prórroga da autorización por si acaso nos concedían subvención, que a súa concesión foi comunicada en agosto deste ano.

Por outra banda indica que acepta que lle digan que as rutas de sendeirismo, pero en ningún caso o acepta do Sr. Teixido.

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

O ano pasado invertíronse 26. 000 euros no arranxo da Ruta da Auga e este ano desbrozouse dúas veces...No ano 2003 non existía ningunha ruta recoñecida, e agora si que o están, pero tamén hai que ver que os medios materiais e humanos son os que son.

Na segunda rolda de intervencións o voceiro do PP, Sr. Teixido, pregunta cantos km se van arranxar ao que se lle contesta que sobre 10 km.

De seguido indica que por parte da Sra. Alcaldesa quérese confundir á Corporación, posto que se nos confundimos ou equivocamos é pola falta de tempo. Vostede poida que firme sin leer e que aos membros do seu propio partido nin lles ensine nada.

Respecto da Ruta da Auga indica que non se desbrozou toda a ruta, indícalle a Sra. Alcaldesa que segue a facer politiquero barato e que se preocupa das súas cousas e non das que afectan de verdade a este Concello.

O certo que esta proposta sería para votar en contra, pero por parte do PP non se vai facer debido aos nosos veciños.

O voceiro do BNG, na rolda de intervencións indica que no informe técnico indícase que a obra vai consistir en acondicionamento de camiños, sinais, pasos de regatos...

Se queda ben feita aledámonos que haxa unha ruta máis neste Concello, pero reitera que hai que ter acondicionadas as rutas e mantelas.

Por parte do voceiro do Grupo Independente indícase que con independencia de vaia haber unha nova ruta o importante é que o río esté limpo, dado que agora non o está.

Por parte da Sra. Alcaldesa indícase que non estará todo limpo, se non que se axusta á subvención concedida.

Finalizado o debate sométese a votación sendo aprobado por unanimidade

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178